

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACION O DÍA 12/06/2019, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.**

**ASISTENTES**

**Concelleiros**

**Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)**

José Marcote Suárez  
Soledad Vilela Romero  
Alexandre Domínguez Lado  
María Rocío Mariño López

**Concelleiros**

**Partido Popular (PP)**

José Manuel Traba Fernández  
Daniel Juan Benlloch Rivas  
Santiago Insua Esmorís-Recamán  
María del Rocío Marcote Canosa

**Bloque Nacionalista Galego (BNG)**

Xan Carlos Sar Oliveira  
Teresa Fernández Martínez

**Converxencia Galega**

Juan Agustín García Pouso

**Secretario**

José Ramón Lema Fuentes

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:15** horas do día **12/06/2019**, reúnen-se no salón da Alcaldía, os Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria do Pleno en primeira convocatoria, coa finalidade de dar cumprimento ó preceptuado no Artigo 36.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais** cun único punto da Orde do día e como consecuencia da constitución das novas Corporacións Locais saídas das Eleccións Locais celebradas o día 26 de Maio de 2019 .-

**1º.- Aprobación, se procede, borradores actas das sesións anteriores.-**

**Sometida a votación a do día 24 de Abril de 2019 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-**

**Sometida a votación a do día 30 de Abril de 2019 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-**

## **INTERVENCIONS**

### **Alcalde**

**Agradecer a todos os Concelleiros integrantes desta Corporación Municipal a labor feita ó longo destes catro anos de lexislatura e pola responsabilidade demostrada no cumprimento das súas funcións.-**

### **Sr. Garcia Pouso do grupo Convergencia Galega**

**Dicir que para min foi unha honra estar durante os catro anos de lexislatura con todos e cada un dos integrantes desta Corporación, dar as grazas por aguantarme e pedir desculpas dalgunha maneira por se nalgún momento poiden ter dito algunha palabra que poidera molestar a alguén.-**

**Agradecer tamén aos funcionarios e empregados públicos desta Corporación por terme tratado sempre con educación e todo respecto e tamén quero facelo extensivo para o Sr. Secretario da Corporación, que aínda que tivera as miñas discrepancias a nivel profesional, non teño nada en contra del.-**

### **Grazas por todo**

### **Sra. Marcote Canosa do grupo popular**

**Dicir que se ben non estarei na nova Corporación Municipal, sabedes que estarei sempre entre vós.-**

**E non tendo mais asuntos de que tratar o Sr. Alcalde en funcións levanta a sesión sendo as 20:25 horas de día de hoxe, de todo o que como Secretario dou fe.-**